




2010:

o cambio do cambio climático



A foto que fala

A soidade do Parlamento Europeo. A eurodeputada Christine de Veyrac asiste a unha sesión da eurocámara.

[PD. No último número a frase desta sección ía e castelán, non é que nos pasaramos ao bilingüismo amable son os trasnos que nos invaden!]



O trasno 2010: A mirada de Aminatu

Daniel López Muñoz

Esta foi, esta é, a mirada para un ano que ten que nacer novo.

Na ollada de Aminatu Haidar está a mirada da terra.

E da Terra.

Non hai luces de neon nos ollos de Aminatu, pero aí está vivo e claro o remol da resistencia.

Da persistencia.

Da indignación.

E da sabedoría da paciencia.

Paciencia dos que pouco lles queda que perder.

A paciente resistencia das que cadra-ron do outro lado da historia.

Nas miradas das Aminatus todas, hai unha arela para un ano que vén, con forma de número redondo.

O número chámase dous mil e dez.

E o 2010 ten que ser o resultado de **toda unha suma:**

de 999 ideas eficaces para salvar o **planeta;**

de 400 mobilizacións para erguer a casa da Paz sobre o alicerce do **de-reito** dos pobos e as persoas;

de 300 días de dignidade e futuro para labregos e **labregas** do Sur e do Leste, de Galicia e Guatemala;

de 199 rebelións contra a manipulación xenética e a privatización da **vida;**

de 90 proxectos para mudar fame por **xustiza;**

de 12 meses de orgullo por termos esta **lingua** tan xeitosa (e seis mil cincocentas máis polo mundo enteiro, todas nosas);

de 9 sinais dunha Igrexa aireada, **aberta** e non sectaria;

e dunha **Galicia** sandada e **limpa** de contaminación –química, mediática e fecal.

Feliz ano de mirada nova.



Editorial 2010. Un ano para o cambio do cambio climático

O Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (órgano máis conservador que alarmista) xa admite que a temperatura da terra subiu case un grao no último século, que fenómenos como choivas violentas ou vagas de calor se incrementaron, que os xeos de polos e cumios están a fundirse e que os océanos soben de nivel.

Os chamados países en desenvolvemento fixeron, na conferencia sobre o cambio climático de Copenhague, un firme e desesperado chamamento para que os Estados Unidos e Europa tomen un compromiso moito maior no curto prazo: que reduzan nun 34% as emisións de 2005, antes de 2020.

O cambio tecnolóxico será insuficiente sen unha redución dos niveis de produción e consumo

En boa lóxica os nosos representantes –que non nos caiba a menor dúbida que Todd Stern, que falaba en nome dos EE.UU. actuaba nese caso como representante de noso estilo de vida- afirmaron

que non podemos comprometermos ao que de antemán sabemos que non imos facer. Resulta obvio que ese noso estilo de vida parece algo irrenunciabile, e ese é o quid na cuestión.

En Occidente fai falta non só un cambio tecnolóxico. Por suposto que son fundamentais as novas enerxías e tecnoloxías limpas, pero por moito cambio tecnolóxico que haxa, será sempre insuficiente sen unha significativa redución dos niveis de produción e consumo.

É dicir, volvemos ao necesario e pendente decrecemento sostible. Cómpre conter o noso ritmo de vida. Esa autocontención ten que apoiarse en cambios legais e produtivos: o momento é histórico e precisa cambios históricos. Todo aquilo que contamina innecesariamente –e que importante sería revisar o concepto “occidental e desenvolvido” de “necesidade”- debe ser simplemente prohibido. E, ademais, hai que reprogramar toda a “educación social” que de maneira tan “espontánea” nos traslada a publicidade que serve de soporte a un consumismo insoportable para o planeta. Tamén aí ten que haber debate, porque nesta altura do cambio climático e dos límites naturais ao crecemento, xa non se pode admitir que os produtores e publicistas sigan trasladándonos a idea envelenada de que podemos vivir sen renunciar a nada.

Unha vez escoitei na radio un “pedagogo” que dicía que este tipo de cousas non lle facía ben aos nenos. Se algunha vez escribo un libro sobre os grandes idiotas da humanidade, metería ese señor. Mágoa non lembrar o seu nome.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Se o correo na túa zona vai mellor ca na miña, recibirás esta *Irimia* entre o primeiro día de ano e o día de Reis. Se estes días non volves a pasar polo teu corazón os teus tempos de neno/a, é que non tes corazón. Dende que meus pais me presentaron en persoa aos Reis Magos, todos os anos lembro con cariño os bos momentos vividos de pequeno. A ilusión de facer a carta, que non esqueceres nada, darte de conta que esqueceras algo, a ilusión dos días antes, as lendas que circulaban en torno a eles, as sospeitas, o carbón, a cabalgata e o frío que sempre facía ese día, o nervioso que ía á cama prometéndome pasar esperto toda a noite para poder velos na miña casa e, finalmente, a sorpresa ao espertar e ver o salón cos paquetes.

A noite dos Reis Magos é un estupendo xogo de rol de toda a nosa sociedade. É unha mostra de ilusión colectiva onde maiores e pequenos gozamos a partes iguais da inocencia dos nenos e do cariño dos maiores. Supoño que este ano os meus sobriños coñecerán en persoa aos Reis Magos. Se cadra podemos pensar que perderán a inocencia. Eu coído que non, que cambiarán a ilusión dos nenos pola ilusión dos maiores-Reis.

Este rumoroso deséxache bo Nadal, bo ano e bos Reis.



1



3



2



4



A peneira

1

No "Día do **INMIGRANTE**" lembramos a campaña "¿Que se agocha detrás das cousas que mercamos?" da Organización pros Emigrantes. Hai 12,3 millóns explotados, para abaratar custos. O que acontece aquí: uns 200 expedientes, só en Lugo. Igual cás cuadrillas de portugueses, que non se lles pagan horas extras. O 15% dos contratos do Plan E, para loitar contra o paro, son portugueses, en empresas que prometían 200 empregos no canto dos 15 necesarios. En Galicia hai 106.129 censados. Dobraron os romaneses e marroquís. Dos 10.627 habitantes que medramos no 08, só 66 son españois, e dos nacementos (23.281), 1808 son de nai estranxeira.

2

No solsticio acompasamos a vida ao ritmo das estacións, nun amencer, en Fisterra, na "Ara solis", onde remataban os peregrinos queimando o calzado do Camiño, escoitando o son ronco das ondas da **COSTA DA MORTE**, que poden ser a forza para o seu desenvolvemento, mesmo xerando un excedente para exportar. Investigadores da USC aseguran neste punto privilexiado 50kw por metro de auga. Esta é unha paisaxe magoada polos muíños de vento, aínda que estas plataformas de explotación terían menos impacto ambiental e poden dar electricidade a 2000 fogares.

3

No Nadal "Roupa Limpa" denuncia que no téxtil traballan 16 horas 7 días. O consumidor debe saber as condicións e o país do que compra. En Interión, no catalogo da web "Algo máis ca un agasallo", ou por teléfono, elixes algo simbólico e así colaboras cun proxecto solidario. Recibirás a foto personalizada do destino do investimento. **O COMERCIO XUSTO** medrou un 400% en 5 anos (do 3,8% estatal, ao 9,6%). A 1º, hai 14 anos, foi A Cova da Terra, e agora conta xa con 20 tendas. Despois están as cooperativas como A Xoaniña no Ferrol, Arbore en Vigo, A cesta da saúde en Santiago. É a loita contra a escravitude do monocultivo, imposta nas antigas colonias. Buscan a marxe mínima para intermediarios, a prol do traballador.

4

Sentimos nostalxia dos sermóns do patriarca católico de Xerusalén na Igrexa do Nadal nos 70, ata que Xoán Paulo II manipulou a mensaxe e o rostro do Neno que nace en **BELÉN**, escureceuse na Palestina. O Vaticano parece esquecer que Israel se ergueu no territorio confiscado a cristiáns palestinos (o 92% en Belén), que foron deportados no 1948. Que non deixaron de emigrar, sobre todo despois da ocupación de 1967. Resistiron o acoso, negándose a pagarlles impostos aos xudeus, na primeira liña da intifada. Agora son o 3% da poboación. No 2002 Israel profanou esta Igrexa e maltratou os refuxiados.

5




6



8



7



Alfonso Blanco Torrado

5

Escoitamos as 12 **BADALADAS** ó pé da Torre Berenguela da Catedral de Santiago. Imos celebralo lendo *Dos anxos e dos mortos*, de Anxo Rei Ballesteros, que narra xenial a Compostela dos 70, marcando novos rumbos na narrativa. Deixounos no outono do 2008 co que ía ser o 1º libro dixital de Galicia: *A noite do moucho*. Un dos libros electrónicos máis vendido no Nadal. Celebramos o ANO DO LIBRO cun fito destacado do 8 ao 12 de setembro o 32 Congreso de Literatura Infantil. No 2008 medraron as publicacións un 25%.

6

Comezamos o Ano Santo en **MACEDA**, berce do Cardenal Quiroga, líder da igrexa galega, privada dende a súa morte dun timón que vertebró o Pobo de Deus neste país. Revitalizador do Camiño, fundou o Instituto de Estudos Xacobeos e a revista "Compostellanum". Os Amigos do Castelo de Maceda, "Setestrela", loitan agora polo respecto e coñecemento da arquitectura popular e os camiños, como a calzada romana, a Via Nova, ou o camiño medieval que vai de Monterrei a Monforte. O aqueloutro que lembra o paso de Alfonso X cara a Allariz.

7

Na ferverza de Belén nace o Ano da **BIODIVERSIDADE**. Cincuenta especies invasoras: eucaliptos, dente de gato, visóns... destrúen as autóctonas. Na foto, a pita do monte, que non canta no Nadal. As rías reciben uns 1632 vertidos. A de Ribeira, 15 millóns de litros de auga/día sen depurar. A biodiversidade é sustento da saúde, contra microbios, pandemias, gripes, sen esquecer o negocio cruel das transnacionais farmacéuticas coas vacinas contra novos virus. A destrución de hábitas e a deforestación obrigan á migración de mosquitos buscando novos medios, nas poboacións, etc. O que leva ao aumento dos contaxios. No 2010 vai editarse a 1º listaxe de 17.650 especies oceánicas a máis de 200 m, e 5.722 a máis de 1/km.

8

Celebramos 10 anos do **FORO SOCIAL** no Porto Alegre, con miles de actos, e os 50 da catedral de Brasília de Niemeyer, como o cumio dun monte que apunta ao ceo. Cimentou Brasília, xunto co seu mestre Lucio Costa, Patrimonio da Humanidade. O arquitecto, de 102 anos, fica en 457 obras, así o Centro Cultural de Avilés que vai inaugurarse. Mágoa que Galiza non teña ningunha, mesmo na memoria dos paseados da guerra. Deseñou a ONU (1940), a sede do Partido Comunista en París (1965) nos anos de exilio. Crea marabillas, moldeando formigón armado cunhas curvas que insinúan a vexetación na que van integradas.

Política Os Reis Magos

Pedro Pedrouzo Devesa

Non lembro cando me revelaron a verdadeira identidade dos Reis Magos (aínda hai quen pensa que son os pais), pero tiveron a sorte de non *sufrir* un gran pesar ante tal nova. Ese momento marca un dos pasos que nos alonxan da nenez e nos adentran na mocidade, camiño obrigado que prepara á maioría de idade (aínda que cada vez con maior vagar).

Os Reis Magos son o adiamento do paraíso, un espazo no que todos os no-

colectivo. Teimudos, aferrámonos a eles querendo crer que todo o que temos é un dereito. Pensamos que non custa nada e con reclamalo xa debe aparecer co amencer do día seguinte.

O político tende a utilizar ese autoengano que nos gusta facernos. Tanto o que prometen como o que fan é tratado como se dependese só da súa (e a nosa) vontade para desexalo. Todo é de balde. Nada custa nada. Os cidadáns parecemos inconscientes do que

Confundimos con demasiada facilidade dereito con privilexio.

os nosos soños se convirten en realidade sen maior traballo que o que nos custe imaxinalos. De pícaros, despois de que nos fagan a pregunta máis repetida nestas datas (que lles vas pedir aos Reis?), abonda con desexar algo e ... o 6 de xaneiro aparece.


Cando somos pequenos pensamos que todo iso que nos dan non custou nada, saíu non se sabe de onde, creárono uns seres especiais que a lombos de cuadrúpedos reparten agasallos a mans cheas.

Anos despois aprendemos a negociar, a saber marcar as nosas preferencias, a elixir entre varios desexos. Ser adultos supón iso: aprender a elixir. Auténtico drama diario que nos pode agobiar ou alegrar segundo cales sexan os resultados das nosas eleccións.

Os Reis Magos non desaparecen nunca do noso imaxinario

costa arranxar as rúas, os funcionarios non nos decatamos de que para a sociedade non é o mesmo que vaíamos traballar que non, os profesores parecemos non decatarnos de que eses nenos que estamos formando serán os que paguen as nosas pensións (e de que canto menos aprendan, menos riqueza producirán).

Parte da crise que vivimos é pensar que a nosa actividade diaria, sexa cal for, non ten nada que ver coa riqueza da nosa sociedade. Pensar que tanto ten traballar seis ca oito horas. Pensar que todo é un dereito. As crises das sociedades opulentas (e a nosa éo incuestionablemente) repítense periodicamente en todos os derrumbes de civilizacións: a opulencia fainos crer que a riqueza é un maná que nada ten que ver co esforzo diario que aplicamos no noso traballo. Confundimos con demasiada facilidade dereito con privilexio.





O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Non sei se nos veremos moito tempo máis, pois agora deulles a estes que mandan por sacaren os símbolos relixiosos dos espazos públicos, co cal calquera día veñen cun guindastre e vas parar a un museo ou a un almacén. Cando viña subindo, xa avisei a dous cruceiros que están aí abaixo e tamén aos milleiros de cruces que hai no cemiterio. Que se preparen, que molestan. Supoño que tamén terán que mudar o nome dalgúns pobos e vilas como Santa Comba ou mesmo Santiago, e quitar nomes de colexios e hospitais... En fin, que o progreso vai dar moito choio.

Agora que vai comezar o ano, non estaría de máis que quitaran dos espazos públicos a miseria na que vive tanta xente, que iso si que dá noxo, como os milleiros de persoas que dormen na rúa; que sacasen dos espazos públicos os anuncios de hipotecas e outros signos da relixión do capital; que sacasen a tanto enerxúmeno que despreza os que son distintos ou veñen de fóra... que sacasen o paro e os gastos superfluos...; que sacasen o mal gusto, os contratos lixo, a explotación dos obreiros, o fracaso escolar, a persecución da nosa lingua, a propaganda electoral... En fin, ocórrenseme tantas cousas que sacar dos espazos públicos que xa me esquecía que un Peto ou un Cruceiro que levan centos de anos nos camiños se volveron perigosos.

Isto recórdame aquela anécdota dun secretario xeral do Partido Comunista en Francia que prohibiu que se pronunciase a Palabra Deus na sede central. Un día entrou un camarada no seu despacho e saudouno con algo parecido a aquilo de "Bos días nos dea Deus", e o camarada secretario botouno dicíndolle: "Camarada pónteme fóra e entra como Deus manda! Amigo Antón, aínda que sei que estás inventariado, vai con coidado... pois ao mellor chego un día e atopo un caixeiro automático. Bo ano a todos e a todas.



© CARRABOXO por ROBE LOIS



Internacional

Manuel Dios Diz.

Seminario Galego de Educación para a Paz



OBAMA, AS GUERRAS XUSTAS E OS DE-REITOS HUMANOS

Obama, no seu discurso de aceptación do Premio Nobel da Paz, en Oslo, resucitou o vello proverbio latino, atribuído a Flavio Vexecio, “*si vis pacem, para bellum*”; *se queres a paz, prepárate para a guerra*, un dito especialmente perverso, millóns de veces repetido, que cumprimos – inexorablemente- durante séculos. E facemos aquilo para o que estamos preparados. Pero xa vai sendo hora de que fagamos realidade un pensamento alternativo, un obxectivo que reclamamos desde o movemento de Educación para a Paz e que fixo popular Federico Mayor Zaragoza parafraseando o anterior: “*Si vis pacem, para pacem*”; *Se queres a paz, prepara a paz*, axuda a construíla cada día, contigo mesmo (*autopacificación crítica*) e cos demais, reivindicando que a guerra sexa, finalmente, declarada ilegal, como método para abordar os conflitos, porque abolir a guerra debora ser un imperativo ético e moral das persoas decentes do século XXI.

Houbo no pasado Ministerios de Guerra, logo se transformados en Ministerios de Defensa, e haberá, sen dúbida, Ministerios de Paz. Así mesmo, acabaremos creando un organismo internacional de **Gobernanza Planetaria**, unhas Nacións Unidas -profundamente reformadas-, con lexitimidade, medios e capacidade para intervir, mesmo coa forza se fose necesario, diante de catástrofes humanitarias, xenocidios, enfrontamentos bélicos e situacións que vulneren inequivocamente os Dereitos Humanos. Isto, sabémolo, ten moi pouco que ver coa realidade actual. As actuacións unilaterais dos Estados, chámense como se chamen, por moi poderosos que sexan, a invasión

violenta e a ocupación militar dun territorio para impoñer os seus criterios e intereses pola forza, ese concepto de guerra, preventiva, xusta ou santa, da igual como se cualifique, será cada día, menos aceptado pola cidadanía global, e niso confiamos.

Non descobre nada novo Obama cando resucita o termo de *guerra xusta*, xa empregado por Tomás de Aquino no s. XIII. Todas as guerras son consideradas “xustas” polos seus promotores, chámense Bush, Obama ou Bin Laden. Esta é unha evidencia histórica. Mesmo o bombardeo nuclear de Hiroshima e Nagasaki foi aceptado como “útil”. Cómpre ler o magnífico poema do norteamericano Sam Keen, sobre a creación do inimigo, o “*Homo hostilis*”? Nos versos finais afirma:

“...cando teñas rematado o retrato do teu inimigo, poderás matalo e despedazalo sen sentir vergoña nin culpa ningunha.

Porque entón o que destruíras terase convertido nun inimigo de Deus, nun obstáculo para a sagrada dialéctica da historia”

Moi pouco ten que o discurso do mandatario norteamericano en Oslo co pronunciado hai meses no Castelo de Praga, onde se comprometeu a abandeirar o desarmamento nuclear. Ou co que lanzou no Cairo en relación co Islam. Aquelas foron declaracións estratéxicas, como o anuncio do peche de Guantánamo (aínda pendente) ou a retirada de Iraq, un conflito que sabe imposible de gañar. Estes anuncios, o cambio radical na política internacional en relación

con Bush, foron os que quixo recom- pensar en Oslo o Comité Nobel, un camiño para facer entre todos, conxuntamente, sobre a base do multilateralismo, o diálogo e a negociación, alianza fronte a choque de ignorancias (que non de civilizacións), e dos dereitos humanos no horizonte.

José Antonio Marina explica, na súa magnífica obra filosófica e pedagóxica, que a gran construción humana non é, contra o que podería parecer, a alta tecnoloxía acadada nos últimos séculos (particularmente para a morte), os enormes avances médicos e científicos, ou a grande capacidade humana para escudriñar no espazo exterior, nada diso. A gran construción da Humanidade é a plasmación e regulamentación, en códigos ético xurídicos, da nosa convivencia pacífica e que ten, precisamente, nos Dereitos Humanos, unha das súas máximas expresións universais.

Por iso sorprende o grao de descoñecemento, mesmo en ámbitos académicos, da **Declaración Universal de 1948**, a pesar dos grandes esforzos realizados por entidades da sociedade civil que adicamos tempo e recursos, desde hai anos, á *Educación para os Dereitos Humanos*. Foi, sen dúbida, como consecuencia dos insistentes chamamentos a incor-

porar estas ensinanzas no currículo escolar que, na actualidade, teñamos *Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos* impartíndose -con total normalidade- nos colexios e institutos, seguindo o exemplo doutros países do noso contorno e aplicando -por fin- as recomendacións da ONU, da UNESCO e do Consello de Europa, con case dez anos de atraso...

obra de personalidades excepcionais. A introdución non articulada resulta dunha lectura moi saudable, especialmente, en tempos de incerteza e confusión, porque axuda a levantar o ánimo, mellora a nosa autoestima como especie e fainos confiar na enorme capacidade das persoas para facer o ben. Identifica inequivocamente a **liberdade, a xustiza, e a paz**, sobre a

Chama a atención o descoñecemento que existe sobre a **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**

Con todo, a cidadanía, os intelectuais, as universidades, os medios de comunicación, fan aínda esforzos reducidos por contribuír a visibilizar na sociedade os Dereitos Humanos. Mesmo no seu día, o 10 de decembro de cada ano (vimos de comprobalo con tristeza unha vez máis), son escasísimas as referencias na opinión publicada, ao texto de 1948 e ao seu significado.


E cómpre reler, de cando en vez, o seu Preámbulo e os 30 artigos que conforman ese texto extraordinario,

base da **dignidade humana**, como **dereitos iguais e inalienables** para todos e cada un dos seres humanos, con independencia da súa raza ou cor, crenza, sexo, procedencia social ou lugar de nacemento.

Recoñece que *foi o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos o que orixinou actos de barbarie ultraxantes para a conciencia da humanidade* e declara como aspiración máis elevada das persoas o *advento dun mundo no que os seres humanos, liberados do temor e da miseria, gocen de liberdade de palabra e de crenzas*.

E considera obxectivos irrenunciáveis a *plena igualdade de dereitos entre homes e mulleres, o progreso social, elevar o nivel de vida, a cooperación entre os pobos...* destacando o **ensino e a educación** como os mellores instrumentos para a súa promoción.

Ese magnífico texto, tan vulnerado, esixe de todos nós un compromiso diario e permanente por facelo realidade. De non ser así, acabará no Museo do Louvre, ou en calquera outro, como as 282 Leis do Código de Hammurabi en Babilonia e tantos outros que o precederon...



Horizonte Universal

Corrente Somos Igrexa

O Estado Vaticano debe asinar a

Declaración Universal de Dereitos Humanos

O pasado 10 de decembro celebrouse un novo aniversario da proclamación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Cando se consolidou en España a Corrente Somos Igrexa, fai xa trece anos, redactouse un manifesto de dez puntos baseado no documento orixinal do movemento Somos Igrexa e ampliado nalgúns aspectos.

Igrexa e Dereitos Humanos

O título deste manifesto é: “Por unha Igrexa consecuente coa defensa dos Dereitos Humanos” e no primeiro parágrafo di o seguinte: “Desde a Fe no Evanxeo traballamos cada día para que a nosa Igrexa se entregue plenamente á defensa da dignidade humana, pero nela aínda existen institucións, normas e comportamentos que contradín tal compromiso”

Resulta increíble que o Estado Vaticano aínda non asinase a Declaración

Universal de Dereitos Humanos desde que se adoptou pola ONU o 10 de decembro de 1948. Non se pode alegar por parte do Vaticano que non é membro de pleno dereito, pois si que subscribiu outros convenios.

As razóns dunha negativa

Que o Estado Vaticano non subscriba a Declaración non é unha cuestión menor pois o artigo 1 da mesma indica: “Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos

metas e obxectivos desexables que a Igrexa acepta e ata demanda para outros, pero non vive dentro dela.

Avergoñámonos profundamente de que o artigo 1 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos sexa máis cristián que a Igrexa á que pertencemos, pois o que se propugna nel é a dignidade humana e o amor fraterno. O cristianismo non pode afastarse da realidade de cada momento histórico e manterse ancorado nunha organización doutras épocas. Está en xogo a credibilidade dunha Igrexa que esixe cara a fóra o que ela mesma non cumpre cos seus membros.

Se o Vaticano asinase, debería rematar coa discriminación ás mulleres



e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros”. Se asinase, debería inmediatamente acabar, entre outras cousas, coa discriminación milenaria á que someteu ás mulleres, e debería acabar tamén coa estrutura non democrática que mantivo durante séculos.

É indubidable que os século XX e XXI amosan como sinais dos tempos a incorporación da muller en igualdade de dereitos a todos os aspectos da vida social e política, a democracia como mellor sistema de goberno dos países e institucións, a liberdade de expresión, o diálogo intercultural e interreligioso ou a non discriminación pola orientación sexual. Son

Un cambio inaprazable

O Concilio Vaticano II xerou moitas expectativas sobre a renovación da Igrexa, abríronse portas a unha maior colexialidade, á participación dos laicos e a unha apertura máis ampla da Igrexa cara ao mundo. Cantos grupos e comunidades da Igrexa católica viven a súa fe alentados por esa eclezioloxía que se foi desenvolvendo a partir do Concilio!

Con todo, estes avances non se están traducindo en cambios de fondo institucionais ou do Maxisterio da Igrexa. Por iso pedimos que o Estado Vaticano firme a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e que a Igrexa católica actúe en consecuencia tanto na súa estrutura interna como no seu compromiso en contra da inxustiza e a favor da dignidade humana.

A aquela Unha solución “estritamente humanitaria”

Bea Cedrón



Que curioso! Unha muller puxo a súa vida en perigo intencionadamente deixando de inxerir alimentos durante días e días, por que? Porque quería voltar á súa casa, pero cando chega ao aeroporto de destino, quítanlle un caderniño chamado “pasaporte” e métena nun avión de volta para outro país, ao que ela non quería ir porque só quería ir á súa casa.

Parece ser que esa muller era un tanto traste e molesta para os gobernantes do Estado que dispuxo que non, que alí non entraba.

A partir dese momento móntase un rebumbio que mobiliza milleiros de persoas e que pon en apuros relacións internacionais, que fai que se dediquen horas e horas a facer encaixe de palillos en materia diplo-

mática, que leva a persoas do mundo da arte e da política a solidarizarse coa muller... e que mesmo fai que se chame como mediador do conflito ao país-Deus de todos os demais países, presidido polo mesmísimo Premio Nobel da Paz 2009 (inciso: Gandhi nunca o recibiu pese a ser nomeado cinco veces, erro con posterioridade recoñecido polo comité organizador do Nobel. Cousas que pasan!).

E a boa da muller alí, teimuda, que non, que non quería nin pasaporte novo, nin cidadanía nova, nin nova vida, nin porras. Que ela o que quería era voltar á súa casa, coa súa nai e os seus fillos, estar no seu sitio.

Dunha vez case o consegue. Estaba camiño do avión pero cambiáronlle os plans, e volta a empezar. Ata entrevistou o presidente francés. Todo un xogo de intereses e estratexias que ao final foise converter nunha trampa, nunha vía sen saída, nun xogo ridículo que amosou as nosas incoherencias, a nosa ridícula forma de ocupar o mundo.

Unha muller quere voltar á súa casa e pon en perigo acordos de pesca, de control de migracións ilegais, de persecución do tráfico de drogas, cuestións de soberanía territorial,...

Un bo día remata o pesadelo e ela, por fin, chega á súa casa. O ministerio de exteriores do país ofendido enmarca o regreso da muller, Haidar, nunha solución “estritamente humanitaria” do caso. Como? É que deberían existir formas de proceder “non humanitarias”? Pero nós que somos, se non Mulleres e Homes, Humanidade, en fin? Estas mentes preclaras que nos desgovernan falan de “estritamente” humanitaria como se non quedase outro remedio, como se fose o último do último, un “perdoámosche a vida” como derradeiro, inevitable e indesexable recurso. Cando a humanitaria é a solución que se adopta “porque non queda outra”,... que nos queda?

Boa Nova



A CLAVE

Di un mestre de infantil que os cativos andan todos revolucionados porque non lles chega o momento para que sexa Nadal e Reis. “É mañá xa?” Contoume unha alumna de bacharelato o iluso que lle parecen os que cren aínda no Nadal: ela no que realmente cre é nas tarxetas regalo dos centros comerciais. Facémolos maiores. A pouco que nos despistemos xa pensamos que o sabemos todo, xa estamos de volta de todo. E entón si que toma o seu verdadeiro significado o cualificativo de iluso.

José A. Martínez

A PALABRA

DOMINGO 3 DE XANEIRO. FESTA DA EPIFANÍA. Mt 2, 1-12

Xesús naceu en Belén de Xudea, en tempos do rei Herodes. E nisto uns magos de

Oriente chegaron a Xerusalén preguntando: “Onde está o Rei dos xudeus que acaba de nacer? Porque vimos saír a súa estrela alá no Oriente, e vimos para lle render homenaxe”. Oíndo isto, o rei Herodes alporizouse, e con el toda Xerusalén. Convocou a todos os sacerdotes e letrados do pobo, para lles preguntar onde tiña que nacer o Mesías. Eles responderon: “En Belén de Xudea, que así o deixou escrito o profeta: E ti Belén, terra de Xudea, de ningún xeito es a máis pequena, entre as vilas de Xudea, que de ti ha saír o guía que será o pastor do meu pobo Israel”.

Entón Herodes, ás agachadas, chamou polos magos, para se informar ben de cando lles aparecera a estrela. Logo mandounos a Belén, dicíndolles: “Ide e informádevos ben do que hai dese neno; e unha vez que o atopedes, avisádeme, para ir eu tamén a lle render homenaxe”. Eles, despois de oíren o rei, puxéronse en camiño. E, velaí, a estrela que viran saír no Oriente foinos guiando ata se deter enriba de onde estaba o neno. Grande alegría sentiron ao veren saír de novo a estrela.

E cando entraron na casa atoparon o neno con María, súa nai. Prostráronse e renderonlle homenaxe; logo, abrindo os seus tesouros, ofrecéronlle como regalo ouro, incenso e mirra. Logo, avisados en soños de que non volvesen por onda Herodes, saíron para a súa terra por outro camiño.

A estrela guiounos ata onde estaba o neno

Non é unha novidade xa dicir que o relato dos magos non é un relato histórico, senón unha narración. Pero isto non quere dicir que sexa un “contiño”, senón que é algo moi serio, unha maneira de afondar nas Escrituras que a literatura xudía chama midrás.

Os/as primeiros/as cristiáns, e neste caso Mateo, vano utilizar para enraizar a Xesús na experiencia de Deus que testemuñan as escrituras xudías, reléndoas dende o acontecemento que é para eles/elas a súa fe en Xesús.

Os textos do Antigo Testamento sinalan Belén, a terra de David como o lugar onde ten que nacer o Mesías (Miq 5,1.3; 2Sm 5,2) e afirman que os pobos pagáns poñeríanse de xeonllos ante el traendo agasallos (Is 49,23; 60,6). Estes acontecementos virían anunciados por unha estrela (Nm 24,17). Con estes datos Mateo constrúe a súa historia para actualizar en Xesús o perfil deseñado na Escritura para o Mesías. Uns pagáns, presentados como sabios de oriente, descubren no ceo unha estrela que anuncia o nacemento do rei dos xudeus e queren adoralo. No seu camiño atópanse coa resistencia dos propios xudeus que representados por Herodes e os sabios de Xerusalén non queren recoñecer o acontecemento.

A comunidade de Mateo víase reflectida na actitude dos sabios de oriente, pois eles/elas tamén creran nos pequenos signos e deixáranse guiar pola luz que Xesús irradiaba nas súas vidas e intentaban afondar nas Escrituras. Este relato era para eles exemplo do camiño que recorreran coma crentes e o acontecido en Belén facíase símbolo da súa propia experiencia de fe.

Carme Soto

O ECO

Ás furtadelas Entre os dous Cirilos, escolleron o Malo

Xosé M^a Lema Suárez



Ollando no filme *Ágora* de Amenábar a bárbara destrución da Biblioteca de Alexandría por fanáticos cristiáns, inducidos polo seu bispo Cirilo coa anuencia do emperador romano, non fun o único en trasladar a escena á Galicia actual, pois hoxe estamos vivindo unha campaña aniquiladora semellante por parte dos nosos gobernantes contra a lingua (e cultura) galegas. ¿Como foi posible que cultos bispos coma o propio Cirilo -que chegou a santo e sería incluso proclamado Padre da Igrexa a fins do séc. XIX- inducisen á destrución pola destrución só porque as obras alí custodiadas non eran de cristiáns?

Aquela Alexandría era, antes de triunfar o fanatismo, un paraíso de tolerancia onde convivían xudeus, cristiáns, pagáns e mesmo xente descreída, como parece que era o caso da

ventá á ventoeira. Cada pergamiño rachado eran páxinas arrincadas das Cantigas de Santa María. Cada cacharela no patio eran as obras de Rosalía, Curros, Pondal, Castelao, Cunqueiro, Ferrín ou Rivas reducidas a borralla. Un coñecido intelectual galego dixo que calquera acción contra a lingua é como unha bárbara amputación no corpo humano. E deste noso goberno só coñecemos amputacións no corpus da nosa lingua: a eliminación da proba de galego nas oposicións, a retirada de subvencións ós libros e ás traducións, as enquisas enganosas no ensino, as “*galiñolas*”, o desenterro da toponimia acastrada. En fin, agora estamos na tensa espera da pira (¿funeraria?) final: o anunciado novo decreto relegador do galego no ensino e a derogación da Lei de Normalización Lingüística.

Calquera acción contra a lingua é como unha bárbara amputación no corpo humano

filósofa Hipatia, a protagonista. Sen dúbida foron moitos os espectadores que saíron do cine indignados por tal irreparable perda, aínda que non sei se todos trasladarían a súa indignación a hoxe, co noso idioma milenario ameazado pola acción mentireira dos intolerantes coa dirección asistida do propio goberno galego.

Ollando aquela seita de fanáticos entrando a saco no templo do saber da Antigüidade disposta a estragar todo, foi inevitable a comparanza. Columnas e andeis polo chan, pergamiños e papiros voando. Cada papiro polo aire eran os folios dos nosos Cancioneiros medievais ciscados por unha

¿Atreverase a facer o sumo sacerdote un acto “depurador” solemne na praza do Obradoiro ó estilo dos autos de fe de Filipe II? A *Santa FAES* reloucaría contemplando as labaradas, sen dúbida.

O templo do saber de Alexandría quedara convertido nunha corte de ovellas. Boa metáfora. Quizais sexa iso o destino pensado para Galicia: sen lingua, sen identidade, sen Caixas... seremos coma ovellas. A san Cirilo de Alexandría non o salvou de ser xulgado pola Historia nin a súa suposta santidade, pois nela figura coma o destrutor de algo que hoxe sería Patrimonio da Humanidade (e

Ás furtadelas Entre os dous Cirilos, escolleron o Malo

Xosé M^a Lema Suárez

tamén coma un dos primeiros antise-
mitas). Tristes méritos. ¡Que diferen-
za co outro san Cirilo, o Filósofo (séc.
IX), tan ben querido polas nacións
eslavas por ser o salvador e norma-
lizador lingüístico das súas linguas
minorizadas! Podendo escoller entre
os dous Cirilos, os nosos gobernantes
inclináronse polo inquisidor. Mágoa.
Eu confésome devoto do outro, o Bo,
o que non só lles predicou ós eslavos

nas súas desprezadas linguas ágrafas
senón que lles creou un alfabeto, o
“*cirílico*”, para que as puidesen escri-
bir. Crenzas relixiosas á parte, pode-
ríase pensar en instituír na festividade
dos santos Cirilo e Metodio, o 14 de
febreiro, o Día da Normalización Lin-
güística das linguas ameazadas coma
a nosa; tamén serviría para recordar-
lle á Igrexa en Galicia as súas obrigas
lingüísticas cos seus fieis galegos.

O noso taboleiro


Estes reis regala Irimia



REVISTA QUINCEANAL DE OBRAS GALEGAS

IRIMIA

2010:
o cambio do cambio climático



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO



MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓN: Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253

SUBSCRICIÓN: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - irimia@wanadoo.es

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia>

Utopía

A terra vai dando froito por si mesma (Mc 4, 28)



A mesa de redacción deséxavos un feliz 2010

Falando da lingua Ano novo, vida nova

Lidia e Valentina

Foise o 2009 e as que falamos da lingua temos que dicir “déixao ir”!!! Nunca desde que comezamos esta sesión, nin desde que nós comezamos a ler *Irimia*, nos virmos tan mal, tan angustiadas e mesmo tan endemoniadas coa situación na que veñen de poñer a nosa lingua...

Foi un ano cru para o galego, porque se abriu a veda aos ataques directos dos que viven comestos polos prexuízos, dos que non dan entendido que o galego é a alma do noso pobo, dos que falan de liberdade para que os deixen vivir no seu monolingüismo castelán, que é a meta que aspiran para toda Galicia. Nós queremos ser optimistas coma Rafael Cuiña e apostar polo “como non convenceredes, non venceredes”.

Mentres esperamos polo Decreto para o galego no ensino, que se cadra xa apareceu cando esta revista chegue ás vosas mans, imos pronunciar algún que outro desexo para a nosa lingua no ano que comeza. Boa parte deles están enunciados na postal que a Coordinadora de ENDL enviou ás familias dos escolares e mais difundiu pola rede. Por se non vos chegou, dirémosvos que desexaban que a lingua galega seguise a ser un ben común que nos una; que os nenos e nenas que aprenden o galego cos seus (coma os fillos de moitos irimegos) o sigan mantendo na escola, que ata o de agora desgaleguiza; e que moitos que non teñen a sorte de aprendelo na familia, pois que se lle dea a oportunidade de que o aprendan na escola, para que se aproveiten das vantaxes de medrar coñecendo dúas linguas. Tamén desexaban, coma nós, que se siga mantendo unha porcentaxe digna de materias que haxa que impartir en lingua galega, para axudar a mellorar as competencias nesta lingua. Non nos vale cos que din “yo gallego ya sé, lo entiendo perfectamente”. Iso está moi ben, pero tamén hai que ser capaz de falalo e de escribilo, por se hai que facelo. Logo no ámbito privado cadaquén escolle na lingua que fala, pero saber, hai que saber. E como se aprende? A escola é un dos ámbitos que non se pode desaproveitar. E o goberno daríase conta? Como están tan ofuscados e non distinguen que só se pode chegar a ser universal desde o orgullo do propio, parece que queren que o inglés ocupe o lugar de lingua propia de Galicia e o galego o de lingua estranxeira. Aos nenos galegofalantes nos parques das cidades xa non os entenden...

Feliz 2010!!



O Fachineiro dda lingua

Remata o annus horribilis

Déixao ir! Aínda que teme o fachineiro que só ha ser o primeiro. En só medio ano, modificouse a Lei da función pública en contra do galego, fíxose unha pseudoenquisa ás familias para xustificar o atropelo cuns pseudoresultados presentados nas vacacións escolares de verán, activouse a crispación toponímica promovendo as formas deturpadas, ameázase os concellos para que repriman o galego no acceso á administración local, deixouse os Equipos de normalización dos centros de ensino sen un céntimo de euro para todo todo este ano ao tempo que se enviaba insistentemente unha mensaxe manipulada e negativa do galego. É dicir, temos unha institución facendo todo



o contrario do que di a lexislación e o sentido común que debería facer. Mentres esta *Irimia* chega ás túas mans o Conselleiro de Educación e o seu profeta na terra, Anxo Lorenzo han presentar, tamén en vacacións escolares e sen consulta ningunha á comunidade educativa, o primeiro Decreto de toda a etapa democrática que vai reducir a protección da nosa lingua. Tampouco pasa nada que, como dixo alguén, na lei de caza non se consulta os coellos. Nestes tempos amargos temos que decatarnos de que o futuro do galego vai depender da actitude consciente que cada un/unha de nós teñamos ante a lingua. Ánimo e ao traballo.

A.Q.